

A ACCIÓN TITORIAL NA ORGANIZACIÓN ESCOLAR DIANTE DAS CONDUCTAS VIOLENTAS

José Antonio DÍAZ ESCOLANTE

INTRODUCCIÓN

O comportamento violento constitúe unha das alteracións conductuais que máis preocupa ós educadores e ós pais, tanto polas repercusións negativas que leva implícitas como pola gran resistencia que ofrecen ós intentos de control do mesmo.

E se a esto lle engadímola diversidade de conceptualizacións teóricas con respecto á súa orixe, funcións, modificabilidade, etc. rematamos cunha terrible confusión respecto ó que se debe ou non se debe de facer cando estamos diante dun/ha rapaz/a violento/a.

O que si está claro, é que o sistema educativo é un dos principais axentes encargados da formación integral das persoas, dado que por el, con maior ou menor “intensidade”, “duración”,... pasan tódalas persoas. E dentro do sistema, temos que aceptar que a figura máis próxima ós discentes é a do titor, polo que nel recaerá unha gran parte da responsabilidade desa formación.

Aínda que neste artigo, partimos da premisa de que a tutoría ten que formar parte dun currículo personalizado de pleno dereito (dado que este é a vía fundamental da intervención educativa), e consideramos ó tempo, que a tutoría é unha acción orientadora realizada por parte do titor e polo resto dos profesores en colaboración con tódolos demais axentes educativos, sobre todo cás familias.

Somos tamén conscientes de que para que a acción titorial sexa posible e efectiva precísase para ela unha planificación na que se vexan implicados tódolos axentes educativos, e de que nunca se deixará aleatoriamente no voluntarismo duns poucos.

A tutoría en presenza das actitudes violentas xustifícase diante desa formación integral das persoas pola necesidade de búsqueda duns valores que lle dean senso a vida e pola necesidade dun autoconecemento e unha autoestima que condicionan constantemente o desenvolvemento persoal.

DEFINICIÓN

A conducta violenta dentro do ámbito escolar podémola definir como **calquera ameaza crible de que se vai a emprega-la forza física ou o seu uso real, feito ca intención de danar física ou psiquicamente a unha persoa ou grupo delas**, levada a cabo no microsistema educativo.

Este tipo de conductas caracterízase por:

- * Presentar diferentes e diversos tipos de manifestacións (burlas, ameazas, intimidacións, agresións físicas,...).
- * Non limitarse a un acontecemento illado, senón que se repite e prolonga durante un tempo determinado.
- * Ser provocada por un/ha individuo/a que xeralmente está arroupado/a por un grupo.
- * Atoparse o/a “violentado/a” xeralmente indefenso/a en situacións das que raras veces pode por si só/a.
- * Manterse a situación debido a falta de coñecemento, ignorancia ou pasividade das persoas que conviven con “violentadores/as” e “violentados/as”...

ORIXE DA CONDUCTA VIOLENTA

Para algúns autores (Lorenz, 1966) a violencia é un impulso innato inevitable, que desempeñou unha función positiva na historia da evolución do ser humano. Coherentemente diante desta presentación, este impulso non debería de ser inhibido, senón canalizado para dirixilo cara actividades consideradas como “axeitadas”, “aceptadas”,... pola “masa social”.

Autores como (Bolwby, 1969) conceptualizan a violencia como impulso aprendido nunha historia de frustracións e necesidades temperás insatisfeitas. A represión destes impulsos afectaría de xeito negativo ó desenvolvemento do suxeito. A actuación desde esta perspectiva pasa pola psicoterapia que axude na compensación das frustracións que xeran este tipo de conductas.

E nunha posición máis extrema, autores como (Bandura, 1979) consideran que a conducta violenta apréndese mediante un proceso de aprendizaxe social. Para estes autores este tipo de conductas só se eliminarán con procesos específicos de modificación de conducta.

FACTORES INSTIGADORES DA VIOLENCIA NOS CENTROS EDUCATIVOS

Sen esquecermos da influencia que teñen os medios de comunicación (TV, cine,...), as interaccións adulto-neno/a no seo familiar, a imposición de control externo, etc. no florecemento das conductas violentas, no que se refire ó centro educativo diferentes estudos constataron que estas son dalgún xeito incentivadas cando:

- * Se practica un estilo moi “permissivo” de ensino.
- * Se practica un estilo totalmente “autoritario”.
- * O plantexamento educativo é homoxéneo.
- * Cando se fomenta a competitividade e a rivalidade.
- * Está presente o emprego de conductas violentas por parte de mestres,...
- * A linguaxe empregada leva connotacións violentas (insultos, desafíos, ameazas...)

CONSECUENCIAS DA VIOLENCIA NOS CENTROS EDUCATIVOS

As consecuencias da violencia nos centros educativos reflíctense de xeitos ben diferentes e en tódalas persoas que en eles conviven:

- * No que á **víctima** se refire: cun medo e rechazo ó contexto escolar, cunha falta de confianza en si mesmo/a, e nos demais,...;
- * No/a **violentador/a**: normalmente cun aumento dos problemas que o/a levaron ó emprego desa violencia, diminución da súa capacidade de comprensión moral, entorpecendo o seu propio desenvolvemento,...
- * Nas **persoas que conviven directamente ca violencia**: con síntomas de culpabilidade, impotencia, insolidariedade respecto ós problemas dos demais,... características todas elas que aumentan o risco de que sexan no futuro xeradores de novos protagonistas directos da violencia; e
- * No propio **contexto institucional**: cunha redución na calidade da “orde” que impide na maioría dos casos a consecución dos obxectivos propostos ou desexados; o que fará que se incrementen os problemas, as tensións, etc. activando un proceso en cadea que case sempre adoita levar a graves consecuencias.

XUSTIFICACIÓN LEXISLATIVA PARA A ACTUACIÓN DIANTE DAS CONDUCTAS VIOLENTAS NOS CENTROS EDUCATIVOS

A Constitución Española no seu artigo 10.2. recolle as normas relativas ós dereitos fundamentais e as liberdades que nela se recoñecen, e que se interpretarán en conformidade ca Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Máis adiante, no seu artigo 17.1 tamén di: “Toda persoa ten dereito á liberdade e á seguridade ...”, por último citar que no artigo 27 di:

1.- Todos temos dereito á Educación, e recoñécese a liberdade de ensino.

2.- A Educación terá por obxecto o desenvolvemento da personalidade humana no respecto ós principios democráticos de convivencia e ós dereitos e liberdades fundamentais.

Os artigos 55, 60.1 e 60.2 da L.O.X.S.E. consideran que a **acción tutorial** é un aspecto do sistema educativo imprescindible para aglutina-lo instructivo e o educativo co fin de aproximarse o máximo posible á **formación integral** do individuo.

O CENTRO EDUCATIVO TRANSMISOR DE PAUTAS SOCIAIS

Considerando que o home é un ser social por natureza, e que o centro educativo é un dos encargados da formación dos cidadáns, é evidente o dereito e a obriga que o educador ten de “encamiñar” ós/ás seus/súas alumnos/as no aprendizaxe das “NORMAS DE CONDUCTA” para un superior desenvolvemento integral da persoa e unha mellor convivencia cos demais cidadáns.

Corresponde ó centro **motivar axeitadamente ó/á alumno/a e presentarlle o aprendizaxe desas pautas sociais o máis asequible ás súas potencialidades**, pois a convivencia e o respecto mutuo lévannos á consideración de que non hai nada neste mundo máis importante que a propia persoa. Cando un se pelexa por un balón, cartos, roupa,...está elevando esas cousas a unha posición de predominio sobre as persoas. Non existe cousa algunha pola que un teña que “pelexarse”. O senso da vida deberá de consistir en que a xente sexa feliz.

Ademais, debemos de ter en conta que a formación “en actitudes” require de un requisito imprescindible UN AMBIENTE ESCOLAR AXEITADO. Se este requisito se dá dentro do centro

educativo, notoriamente, teremos camiñado boa parte do percorrido a realizar. Será no propio centro, e máis concretamente na aula e co titor onde se debe de respira-lo ambiente disposto positivamente cara os fins que desexamos.

PRINCIPIOS QUE DEBEN REXE-LAS ACTUACIÓNS CONTRA AS CONDUCTAS VIOLENTAS

Para enfrontarse ás conductas violentas hai unha serie de principios que debemos de ter presentes se queremos acadar unha eficacia salientable; entre os máis notorios citamos:

- * Principio de **COOPERACIÓN**, asumindo a “problemática” en equipo, coa participación de tódolos axentes implicados no proceso educativo.
- * Principio de **PREVENCIÓN**, tanto **primaria** (actuacións e programas que pretenden reducir na comunidade educativa concreta a frecuencia de novos casos problemáticos); como **secundaria** (orientada á redución dun número significativo de “consecuencias”, “dificultades”,... unha vez que teñen feito acto de presenza as actitudes violentas”); e **terciaria** (que tentará reduci-lo índice de deterioro dos “problemas”, “trastornos”,... cando estes xa teñen aparecido con anterioridade).
- * Principio de **NORMALIDADE**, levando a máxima actuación posible dentro do contexto ordinario do proceso de ensino aprendizaxe.
- * Principio de **SISTEMATICIDADE**, onde será preciso unha actuación continua e sistemática diante das conductas violentas, e non “actuacións”, “tarefas”,... puntuais.
- * Principio de **COMPRESIÓN**, que parta dunha educación integradora que recoñeza a diversidade da poboación escolar e lle responda mediante a adaptación ós diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos/as alumnos/as.
- * Principio de **INTERVENCIÓN SOCIAL**, recoñecendo que o proceso educativo non ten lugar unicamente nos centros docentes, senón tamén en ambientes e situacións “extraescolares”.
- * Principio de **DESENVOLVEMENTO**, que implica a necesidade de crear un contexto favorecedor para o proceso educativo, onde a finalidade última sería a integración (social, escolar e persoal) dos/as alumnos/as.

DINAMIZACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL DIANTE DAS CONDUCTAS VIOLENTAS

A concreción das funcións e tarefas do titor no relativo á súa actuación diante das conductas violentas dependerá das características organizativas e específicas de cada un dos centros educativos, tanto dos seus obxectivos educativos como da dinámica interna de funcionamento, pero entre outras podemos cita-las seguintes:

Funcións do titor con respecto á Administración Educativa :

- * Esixirlle (dun xeito corporativo) que “recoñeza” a importancia da acción titorial diante das conductas violentas, e en consecuencia facilite os medios, as condicións, etc. necesarios para o seu “Tratamento”, destacando entre outros:
- * Unha formación específica e permanente do profesorado diante desta temática.
- * Unha adecuación da estrutura dos centros educativos de xeito que permita a potenciación das relacións individuais e grupais cos alumnos, pais,...

- * Unha adecuación dos horarios lectivos para poder incluír neles a acción tutorial nun tempo “necesario”.
- * Unha potenciación das relacións cos departamentos de orientación, os centros de formación e recursos, ... en temáticas actuais, candentes e preocupantes como esta.

Funcións do titor nos documentos organizativos do centro:

- * Preocuparse porque o “tratamento” das condutas violentas estee presente no P.E.C.
- * Reflexionar no P.C.C. programas, actividades,... concretas para previr, contrarrestar,... as actitudes violentas.
- * Colaborar na confección actualización,... do regulamento de réxime interno do centro; permitindo a participación do alumnado na elaboración e aplicación das normas, de xeito que o control externo non dependa exclusivamente do adulto, titor,...senón do propio grupo no que se atopa integrado o suxeito.
- * Consensuar con todo o profesorado un plano de acción tutorial para todo o curso, tentado precisar nel o grao e xeito de implicación de cada un dos profesores diante das condutas violentas e os aspectos específicos e prioritarios que con respecto ó tema tratará cada titor.

Funcións do titor co alumnado considerado este como grupo:

- * Non renunciar ó control da clase realizando este sen recorrer a estratexias punitivas.
- * Coñece-la dinámica interna do grupo no relativo ás condutas, “elementos”,... violentos.
- * Difusión do regulamento de réxime interno do centro facendo fincapé en todo o relativo ás condutas violentas, dereitos e deberes e “disciplina” do centro.
- * Favorece-la adquisición e interiorización das “normas” que regulan a “convivencia” no centro.
- * Facilita-lo coñecemento a cerca da causa-efecto dos actos levados a cabo por parte do alumnado.
- * Potencia-la interacción cooperativa inter pares.

Funcións do titor cos/as alumnos/as considerados/as individualmente:

- * Recadar información sobre antecedentes escolares, familiares e persoais violentos á través de titores, informes,... de cursos anteriores, pais, etc.
- * Profundizar no coñecemento das actitudes, aptitudes, intereses e motivacións de cada un/ha dos/as alumnos/as.
- * Favorece-lo autocontrol nos/as rapaces/as.
- * Favorece-las actitudes e as aptitudes positivas diante da actividade escolar.
- * Coñece-lo nivel de integración do suxeito no grupo, e, se é o caso, axudar a súa integración.

Funcións do titor en relación a si mesmo:

- * Confecciona-lo seu plan de acción tutorial personalizado no que figure dalgún xeito a actuación sobre as condutas violentas.
- * Implementar plans, actividades,... preventivas, correctoras,... das actitudes violentas.
- * Determinar, avaliar,... se o método ou medidas correctoras da conduta aplicadas funcionan realmente.
- * Realizar unha boa formación en aspectos conductuais do alumnado e na dinámica de grupos.
- * Colaborar co departamento de orientación, comisión de coordinación pedagóxica, claustro de profesores, etc. na actuación contra as actitudes violentas.

Funcións do tutor en relación ós órganos directivos do centro (principais dinamizadores da acción tutorial):

- * Informar ós órganos directivos dos diferentes aspectos da problemática que vaian xurdindo, e das posibles “alternativas” que se consideran oportunas.
- * Demandar para o centro os recursos humanos, materiais e funcionais necesarios para unha atención axeitada da problemática das condutas violentas.
- * Promover unha avaliación da acción tutorial nos aspectos relativos á conduta do alumnado.

Funcións do tutor en relación ó Departamento de Orientación:

- * Demandarlle coordinación e soporte técnico para as posibles actuacións diante das condutas violentas.
- * Participar, colaborar,... na elaboración e implementación do plan de acción tutorial do centro, incluíndo nel os elementos básicos relativos ás condutas violentas.
- * Demanda-la intervención directa do/a orientador/a diante das actuacións violentas.

Funcións do tutor en relación ó resto do profesorado:

- * Informar ó claustro de profesores de xeito sistemático dos diferentes aspectos da problemática xerada polas actitudes violentas e de todo aquilo que se está facendo para combatela.
- * Solicitar do mesmo unha actitude positiva cara a implicación na problemática das condutas violentas.
- * Establecer boas coordinacións para a realización programas, actividades,... anti-violencia.
- * Analizar con todo o profesorado os posibles casos problemáticos xerados por este tipo de actitudes.
- * Facilita-los contactos persoais do profesorado co alumnado, os pais,... sobre todo en situacións nas que están presentes os “signos” da violencia.
- * Coordina-los procesos de avaliación, concreción,... de programas, actividades,... dirixidas a evita-las condutas violentas.

Funcións do tutor en relación cos pais, “titores”,... do alumnado:

- * Contribuír ó establecemento de relacións fluídas cos pais, “titores”,... que faciliten a conexión entre o Centro e as familias.
- * Sensibilizar ós pais, ... para que se impliquen na “loita” contra as condutas violentas, tanto dentro como fora do contexto escolar.
- * Facelos partícipes e colaboradores de programas, actividades,... en contra da violencia levados a cabo desde o centro educativo.
- * Demanda-la súa atención diante das “solicitudes” que se formulen por causa das actitudes violentas.
- * Informa-los de tódolos asuntos relativos á actitude que afecten á educación dos/as seus/súas fillos/as.
- * Influír diante dos pais para propicia-lo cambio en certos elementos da vida familiar, social,... do/a alumno/a que estean condicionando negativamente a súa conduta.

Funcións do tutor respecto ós centros de formación e de recursos:

- * Demandar ós mesmos “teoría”, “modelos” e “experiencias” levadas a cabo sobre o tema das actitudes violentas para o seu posible estudio, implantación (dun xeito “adequado”) no centro,...

- * Demandar programas de formación específicos en temas de conducta.
- * Solicita-lo asesoramento necesario para a formación en centros neste tipo de temáticas.

ACTIVIDADES QUE PODEN LEVARSE A CABO PARA O DESENROLO DESTAS FUNCÍONS

Entre outras moitas podemos citar:

- * Reunións cos pais ó principio da escolaridade, de cada curso,..., para informalos sobre as normas de convivencia do centro.
- * Presentar modelos a evitar ou a seguir dentro e fora do ámbito escolar.
- * Ter entrevistas individuais con alumnos/as, pais,... para trata-la temática das conductas violentas.
- * Coordinar grupos de discusión con alumnos/as, pais,... relativas ás conductas violentas.
- * Implementación de programas específicos de prevención da violencia.
- * Promover e coordinar actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación dos alumnos na vida do centro e do seu entorno.
- * Aplicación de técnicas de dinámica de grupo: “role playing”, foros, grupos de discusión,... con temática relativa ás conductas violentas.
- * Xogos onde se reflectan outras posibles solucións diferentes ás conductas violentas diante de situacións “conflictivas”.
- * Dramatizacións que expoñan as consecuencias xeradas polas conductas violentas.
- * Estudos de “casos” de conductas violentas aparecidas nos diferentes medios de comunicación e as súas consecuencias.

FORMACIÓN DO TITOR

Despois do escrito ata aquí, queda patente que o desenvolvemento das tarefas e funcións a realizar polo titor esixe deste unha formación que vai máis aló da súa preparación académica e didáctica nunha materia ou área educativa.

Será necesario potencia-la súa formación á través da autoformación (sobre todo no desenvolvemento da propia práctica docente), e en programas específicos de formación permanente do profesorado (dinamizando de xeito especial a formación no propio centro).

A formación para a posible actuación diante das conductas violentas deberase buscar en campos como:

- * Psicoloxía evolutiva das distintas idades
- * Coñecementos xerais de pedagogía xeral, experimental,...
- * Técnicas de traballo en grupo e en xeral aplicación da sociometría e da dinámica de grupos na clase.
- * Técnicas de coñecemento do alumnado
- * Técnicas para o desenvolvemento de relacións humanas e sociais.

Técnicas fomenta-la autoestima,...

CONCLUSIÓN

No centro educativo, o titor debe de ser quen de potencia-lo respecto cara os demais e cara un mesmo, procurando que ese deixe de se-lo lugar de onde todos desexan fuxir, para convertelo nun punto de encontro a onde se acuda a disfrutar incluso “traballando”; polo que debe dispor de tódolos medios necesarios para a máis eficiente labor educativa, tendo en conta que os VALORES PERSOAIS son sempre os máis valiosos.

BIBLIOGRAFÍA

- BOLÍVAR, A. (1992): *Los contenidos actitudinales en el currículo de la Reforma. Problemas y propuestas*. Escuela Española, Madrid.
- BUNES, M. y otros (1993): *Los valores en la LOGSE*. ICE de la Universidad de Deusto e Eds. Mensajero, Bilbao.
- CAMPS, V. (1994): *Los valores de la educación*. Alauda/Anaya, Madrid.
- CANOSA BALDOMIR, J.L. (1992): *L.O.X.S.E. e disposicións que a desenvolven*. Xunta de Galicia, Santiago.
- DÍAZ-AGUADO, M.J. (Dir) (1992): *Educación y desarrollo de la tolerancia*. (Cuatro volúmenes y un vídeo). MEC, Madrid.
- DÍAZ ESCOLANTE, J. (1999): *A violencia na organización dos centros educativos*. (Publicación en imprenta).
- FERNÁNDEZ, S.P. (1991): *La función tutorial*. MEC, Madrid.
- GÓMEZ PALACIOS, J.J. (1992): *Educación para la paz*. CCS, Madrid.
- LODE (1985).
- LOXSE (1990).
- MARASSO, A. (1986): *Agresividad e Violencia*. Gruppo Abele, Turín.
- MÜLLER, J.M. (1995): *Gandhi. La sabiduría de la no-violencia*. Descée de Brouwer, Bilbao.
- ORTEGA P., MÍGUEZ R. E GIL R. (1994): *Educación para la convivencia*. Nau Llibres, Valencia.